



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTECINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZ.

NÚM. 11/2010

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. José María García Rivera.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D^a Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D^a Ana A. Incera Ares. D. Xaime Cancio Rodríguez. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D^a Verísima Eiroa Couto. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D^a. María Xosefa Alonso Otero.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA</u> D. M^a Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:40 horas do día vinte cinco de novembro de 2010, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	---

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28-10-2010.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 28 de outubro de 2010 e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

Non habendo intervencións, queda aprobada por unanimidade dos membros presentes a acta da citada sesión, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas, segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

2.- MOCIÓN CONXUNTA DE TÓDOLOS GRUPOS MUNICIAPIS SOBRE O DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 18 de novembro de 2010, sobre a moción conxunta de tódolos grupos municipais sobre o Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

O portavoz do PP manifesta que ese foi o acordo ao que se chegou e o manifesto que se leu.

A continuación se procede á votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro. Rexeitar calquera tipo de violencia que se exerza contra as mulleres, e moi particularmente a violencia que se exerce contra as mulleres no seo das parellas.

Segundo. Instar á Xunta de Galicia a que realice unha planificación para a efectividade das previsións contidas na Lei 11/2007 que estaban pendentes de desenvolvemento; en concreto, a creación do Observatorio galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral, realizar campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, a formación da totalidade das e dos profesionais, e garantir o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público tamén recollido na lei.

Terceiro. Solicitar á administración local, que facilite ao máximo o acceso das mulleres aos recursos existentes, reforzando actuacións ou poñendo en marcha mesas de coordinación a nivel local e protocolos de actuación ante os novos casos.

Cuarto. Solicitar ao Goberno de España que estenda a protección da Lei Orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, aos e ás menores, por entender que son vítimas, directas ou indirectas, da violencia que se exerce sobre as súas nais, dotando orzamentariamente esta importante modificación de xeito adecuado e suficiente.

Quinto. Instar ao Goberno Autonómico a cumprir os Acordos que, sobre protección de menores expostos a contornos de violencia de xénero, foron asumidos polas Comunidades Autónomas na reunión Sectorial de Igualdade celebrado en Abril deste ano 2010, coa posta en marcha do sistema de protección especializada de menores e de colaboración do Protocolo de atención aos mesmos.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Sexto. Solicitar ás administración estatal e autonómica que continúen velando porque os medios de comunicación adopten as medidas oportunas para que o tratamento informativo da violencia contra as mulleres se manteña no respecto debido ás vítimas e ao seu contorno.

Sétimo. Instar ao Goberno Autonómico para conseguir unha maior formación especializada e unha maior implicación da Policía Autonómica na protección das vítimas de violencia de xénero.

3.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DO CANON DIXITAL.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 18 de novembro de 2010, sobre a moción do BNG sobre a solicitude de devolución do canon dixital.

O portavoz do BNG di que xa está claro na exposición de motivos da moción e na proposta de acordo, despois da sentenza do Tribunal Europeo de que non se debía de cobrar ese canon hai que calculalo e solicitar a devolución.

A continuación se procede á votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro. Proceder á cuantificación das cantidades aboadas en concepto de canon dixital correspondente aos soportes e equipos adquiridos polo Concello, empresas municipais e outras entidades dependentes dende a entrada en vigor da Orde PRE/1743/2008 até a transposición á lexislación estatal da sentenza do tribunal de Xustiza Europeo.

Segundo. Reclamar, ás empresas provedores e ás entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual, a devolución do canon dixital xa aboado resultante da citada cuantificación.

Terceiro. Instar á Xunta de Galiza a que actúe como referente para outras administracións e empresas afectadas e, xa que logo, poña en marcha os mecanismos necesarios para reclamarlle ás entidades de xestión de dereitos da propiedade intelectual a devolución das cantidades abonadas pola Administración galega en concepto do canon dixital.

Cuarto. Dar traslado destes acordos á Presidencia da Xunta de Galiza para que se lle traslade ao Presidente do Goberno Central, así como aos Grupos Parlamentarios do parlamento de Galiza.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

4.- ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 18 de novembro de 2010, sobre a ordenanza reguladora da Administración Electrónica.

O portavoz do PP manifesta que lle gustaría saber, coma xa na Comisión Informativa o portavoz do BNG preguntara, cal era o custo que lle ía supoñer ao Concello a posta en marcha deste servizo.

O Sr. Alcalde contéstalle que nada, que está dentro do Plan Innovate da Deputación de Lugo.

O portavoz do BNG di que eles xa expresaron o seu voto a favor e matiza que está subvencionado pola Deputación e Europa.

O Sr. Alcalde anuncia, a propósito de subvencións, que o Concello vai ir a un contencioso contra a Xunta, Secretaría Xeral de Deportes, primeiro, por denegar unha subvención de deportes, por mentireiros e por irresponsables e, segundo, por deixar ao Concello de Foz sen un solo euro para instalacións deportivas e dicir no recurso de reposición que o Concello de Foz non estaba nesa liña, pregunta por que deron a Cervo 5000 € e ao Concello de Foz nada coa mesma solicitude de unha pista de skate.

O portavoz do PP di que fai ben porque ten que defender ao Concello.

O Sr. Alcalde di que iso é discriminatorio.

Contéstalle o Sr. Fernández Manín por que nas subvencións do Concello lle da a unhas asociacións unha cousa e a outras outra.

O Sr. Alcalde di que iso non é verdade, non se pode discriminar. É vergoñoso que ao segundo Concello en número de habitantes da Comarca non lle dean nada.

O portavoz do PP di que se alegra ben que o leve ao contencioso.

O Sr. Alcalde anuncia que menos mal que a Deputación vai a solucionar todo iso e vai facer a pista de skate, a pista de Fazouro e a de Cordido.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Fernández Manín di que a de Fazouro e a de San Martiño costoulle cero euros ao Concello.

O Sr. Alcalde contéstalle que non, manifesta que iso é facer política rastreira, así, con tódalas letras.

O portavoz do PP contéstalle que o PP non realiza ningunha política rastreira, que o único que fai política rastreira é o Alcalde.

O Sr. Alcalde di que el dixo que iso é facer política rastreira e pide que conste en acta a manifestación do Sr. Fernández Manín.

A continuación se procede á votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora da Administración Electrónica, nos termos en que figura no expediente.

Segundo. Someter a Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que podan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, se considerará aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno.

Terceiro. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para suscribir e firmar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

5.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NOS CONSELLOS ESCOLARES.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 18 de novembro de 2010, sobre o nomeamento de representantes do Concello nos Consellos Escolares.

Non habendo intervencións se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Nomear nos Consellos Escolares dos distintos Centros Educativos do Concello aos seguintes



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Concelleiros da Corporación:

- Consello Escolar Colexio Público Nº 1: Da. Ana Aranzazu Incera Ares.
- Consello Escolar Colexio Público O Cantel, Nº 2: D. José María Basanta Morán.
- Consello Escolar Colexio Público Fondo Nois: D. Pedro Manuel Fernández Marful.
- Consello Escolar da Escola Unitaria de Villaronte: Da. Rosa Alonso Rodríguez.
- Consello Escolar do IES de Foz: D. Xoán Carlos González Basanta.

6.- EXPEDIENTE DE MUNICIPALIZACIÓN DAS PISTAS DE TENIS E DE PÁDEL.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 18 de novembro de 2010, sobre a municipalización das pistas de tenis e de pádel.

Toma a palabra o portavoz do PP para preguntar coma estaba iso, se estaba cedido xa.

Contéstalle a Sa. Alonso que había unha cesión ao clube de tenis e presenta un documento do que se da lectura polo Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde di que o Concello ten o dereito sobre as súas instalacións, o que se trata é de ceder o uso, salvagardando o dereito que ten o Concello de usar as instalacións polo propio Concello. Se fai iso porque e un avance que haxa un clube que coide as pistas e ao mesmo tempo facilite que xoguen todos os cidadáns.

O Sr. Alcalde pregúntalle á Secretaria se hai algún problema con ese novo documento.

A Secretaria di que á municipalización, que é o que se vai facer nese momento, non lle afecta en absoluto o acordo que se reflicte no documento, xa que a municipalización é un expediente previo que o Concello ten que realizar porque coma non ten a obriga legal de prestar ese servizo aos cidadáns, polo tamaño do Concello, debe asumir primeiro esa competencia, porque así o manda a lei.

O Sr. Alcalde di que xa na Comisión se debaterá e salerá un acordo.

O portavoz do BNG manifesta que ao aparecer ese documento habería que saber as consecuencias legais á hora de propoñer ese expediente e a xestión. Xa que de algunha maneira se veron as intencións do Goberno Municipal respecto á xestión, di que non saben si se pode dar de esa forma directa sen que concorran outras empresas e di que o que se debería facer dende o Concello é regular o seu uso e xestionar o uso público, polo Concello.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde di que eles teñen regulado iso par ao uso deles, e se trata de dar un paso mais. Aclara que o club de tenis meteu alí moito diñeiro e queren estar libres de poder actuar e de contar co Concello. Por iso se vai realizar este expediente, de todas formas o Concello non ten capacidade para xestionar todas as instalacións e se esas persoas están interesadas, pero se verá na Comisión.

A Secretaria pide a palabra para aclarar que ese documento novo non afecta ao asunto que se está tratando, xa que a municipalización é un expediente previo.

O portavoz do BNG di que non saben cales son as consecuencias polo que o seu grupo se vai a abster, a ver que pasa na Comisión.

Non habendo mais intervencións, se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 PSOE e 4 PP).
- Abstencións 3 (BNG).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Iniciar o expediente de municipalización da xestión das instalacións municipais de tenis e de pádel, conforme ao establecido no artigo 97 e concordantes do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Ttexto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.

Segundo.- Crear unha Comisión de estudo para a elaboración da Memoria no prazo de un mes, coa seguinte composición:

- Presidente: D. José María García Rivera, Alcalde.
- Secretario: D. Ramón Rodríguez Paleo, Capataz Municipal.
- Vogais:
 - Da Rosa Alonso Rodríguez, Concelleira Delegada de Medio Ambiente.
 - D. Pedro José Fernández Manín, Concelleiro do Partido Popular.
 - D. Xoán Carlos González Basanta, Concelleiro do BNG.
 - D. Luis Ramón Vázquez Parga, Interventor Municipal.
 - D. Rafael Marful López, Aparellador Municipal.
 - Da. Carmen Seco Alaejos, Educadora Social do Concello.
 - Da. M^a del Carmen Seoane Bouzas, Secretaria Municipal.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

7.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 25 DE OUTUBRO AO 18 DE NOVEMBRO DE 2010.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o día 25 de outubro ao 18 de novembro de 2010 e que foron postas de manifesto á Secretaria, quedando enterados os señores asistentes.

O Sr. Alcalde da conta da concesión de 36.000 € por parte do Estado para os danos dos temporais. Advirte que vai a haber casos similares e que se teña en conta o que se fixo co Concello de non aprobar o pago a unha xente que traballou para o Concello en tempo e forma para arranxalos danos do temporal.

Toma a palabra o portavoz do BNG para dicir que iso non é unha moción, di que ao seu grupo alégralle moito que haxa esas axudas e aclara que a súa posición foi que se deixara sobre a mesa ata que un técnico municipal fixera un informe mais detallado.

O Sr. Alcalde di que leva moitos anos na Administración e iso ou se fai antes de rematar o ano ou non se fai.

O portavoz do PP votou que non se pagara iso con unha modificación de crédito porque había saldo nas partidas para facer fronte a iso.

O Sr. Alcalde contéstalle que xa llo explicou no momento, a partida estaba gastada xa para reparacións de camiños. Manifesta que o PSOE de Foz é un partido histórico, é o único que é municipalista ao 100% porque cada concelleiro ten autonomía.

A continuación dáse lectura á contestación que deu Correos á moción que se aprobou no Pleno o 29 de xullo de 2010.

B.- MOCIÓNS.

O Portavoz do PP presenta a seguinte moción de urxencia:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

“O portavoz do Grupo Municipal Popular no concello de Foz, Pedro J. Fernández Manín, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 15 de novembro, deputados socialistas no Congreso, liderados pola coordinadora do Intergrupo para o Sahara, repartiron na Cámara Baixa, unha declaración, que supostamente asinaban 6 grupos políticos : PSOE, PP, CIU, PNV, IU e Grupo Mixto, na que se condenaba enerxicamente, e por vez primeira a extremada violencia exercida contra o pobo saharauí tanto no Campamento Dignidad coma en El Aaiún.

Paralelamente, a Ministra de Asuntos Exteriores, facía unhas declaracións na que afirmaba que España estivera sempre a favor da autodeterminación do Sahara, pero resistíase a condenar a violencia exercida por Marrocos, alegando que ninguén o fixera.

Aínda que no comunicado do Intergrupo para o Sahara constaban as siglas de 6 grupos políticos, a realidade foi que se suscribiu soamente polo PSOE e o PP, e o que é máis, evidenciando unha auténtica descoordinación entre o grupo parlamentario do PSOE e o Goberno, dito comunicado foi desautorizado horas máis tarde pola dirección do grupo parlamentario socialista.

Na dirección do PSOE, se seguían instrucións para gardar silencio, e o seu Secretario Xeral, a última hora do día, anunciaba que a Secretaría de Política Internacional, estaba a manter unha reunión en París co Fronte Polisario, e tras ela se impulsaría unha posición conxunta sobre o Conflito do Sahara de todos os partidos socialistas do Magreb. Neste desorde de cousas, o PP, considera que o Goberno socialista debe condenar a vulneración dos dereitos humanos no Sahara, porque non hai ningún interese superior ao do respecto pola vida humana.

Cando gobernou o PP se conseguiu que a ONU ditara por unanimidade, unha resolución que recoñecía coma oficial a posición de España sobre o Sahara e se instaurou a neutralidade activa, consistente en incentivar permanentemente a ambas partes a avanzar na resolución do conflito, pero o goberno socialista de agora, mudou de xeito irresponsable a postura tradicional de España, ignorando a Resolución 1495 da ONU.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Co silencio de Zapatero, se traioa ao pobo saharauí por negarlle a opinión para resolver a súa situación, se traioa á defensa universal dos dereitos humanos que debe facer España e se traioa a unha posible solución política e pacífica liderada pola ONU.

Por todo elo, o grupo municipal do Partido Popular no concello de Foz eleva ao pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1º. *Condenar e lamentar as mortes producidas no Campamento cérico a El Aaiún.*
- 2º. *Manifestar a necesidade de que o goberno central, a UE e a ONU, se involucren activamente na resolución pacífica deste conflito.*
- 3º *Manifestar o respaldo ao dereito do pobo saharauí á autodeterminación que lle conceden reiteradas resolucións da Asemblea Xeral e do Consello de Seguridade de Nacións Unidas, que se exercerá por medio dun referendun libre, xusto, imparcial e baixo a tutela e dirección de Nacións Unidas.*
- 4º *Darlle traslado do presente acordo ao Goberno de España, a través da súa Vicepresidencia Primeira, a todos os Grupos Parlamentarios das Cortes Españolas e á Xunta de Galicia”.*

O Portavoz do BNG manifesta que o seu grupo tamén ten unha moción de urxencia sobre o mesmo asunto:

“MOCIÓN RELATIVA Á DENUNCIA E CONDENA DAS ACCIÓNS DO REINO DE MARROCOS CONTRA O POBO SAHARAUÍ

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varias semanas, arredor de 20.000 saharauís instalaron un campamento con máis de 6.000 haimas en Agdaym Iciq, moi perto de El Aaiún, no territorio saharauí ocupado militarmente por Marrocos. As persoas alí concentradas esixían ás autoridades de ocupación melloras sociais e o respecto polos Dereitos Humanos. Desde o día 8 de novembro, o exército do Marrocos esta a atacar brutalmente o campamento, asasinando a persoas e detendo a centos de saharianos

A resposta de Marrocos foi cercar militarmente o campamento con forzas policiais e militares nun intento, primeiro, de amedrentar e, logo, estrangular por fame a contestación sahariana



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

non dubidando, como ocorreu hai días, en disparar contra adolescentes e asasinando a un rapaz de 14 anos cando se dirixía ao campamento xunto con outros parentes e amigos.

O exército e a policía invadiron o campamento mallando na poboación sahariana con brutalidade extrema, recorrendo mesmo ao lanzamento de gases lacrimóxenos e chorros de auga quente utilizando vehículos e helicópteros. Desde hai varias días, a prensa estranxeira ten prohibido o acceso ao campamento, nun vano intento de impedir que se coñecese o que alí ocorre.

Este ataque é a última barbarie do ocupante marroquí que nos últimos días iniciou tamén o xuízo contra os militantes saharianos coñecidos como os “sete de Casablanca”. Todo isto está a ocorrer cando se están a cumprir 35 anos da oprobiosa entrega do Sahara Occidental a Marrocos e Mauritania por parte do Estado Español. Trinta e cinco aniversario do Tratado de Madrid e da invasión do Sahara Occidental que Marrocos denominou como “marcha verde”.

*Ante todo isto, o BNG propón a aprobación en pleno dos seguintes **ACORDOS**:*

1.- Denuncia e condena da invasión do campamento de Agadym Iciq, brindando todo o seu apoio e solidariedade á poboación sahariana tan brutalmente agredida.

2.- Denuncia e condena ao Reino de Marrocos por esta nova acción que pretende evitar que o Pobo do Sahara dos territorios ocupados poida reivindicar os seus dereitos, sexan estes individuais ou colectivos.

3.- Esixir de Marrocos o cese inmediato da agresión contra a poboación sahariana, abandonando o territorio sahariano ocupado.

4.- Esixir ao Goberno español que cumpra co mandato de descolonización das Nacións Unidas, apoiando decididamente o dereito do Pobo do Sahara á soberanía.

5.- Esixir das Nacións Unidas o cumprimento das resolucións aprobadas pola Asemblea Xeral a prol dun referendo de autodeterminación entre a poboación sahariana.

6.- Enviar estes acordos ao Goberno do Estado, ao Parlamento Galego e grupos da Cámara, ao Parlamento Europeo, á Embaixada de Marrocos no Estado Español, á Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai e a Delegación Saharai de España”.

O Sr. Alcalde considerando que as mocións teñen un contido similar insta a ambos portavoces a que presenten unha moción conxunta.

Os dous grupos pónense de acordo e presentan unha proposta de acordo conxunta.

A continuación se procede á votación da urxencia da moción, resultando aprobada por unanimidade.

O Sr. Alcalde expresa que o seu grupo ten un respecto absoluto a Marruecos e o Sáhara e, de feito, o Concello trae tódolos anos a nenos saharais.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

A continuación se procede á votación da moción conxunta do PP e BNG, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- Denunciar e condenar a invasión do campamento Agadym Iciq, brindando o apoio e solidariedade á poboación sahariana tan brutalmente agredida, condenando e lamentando as mortes producidas no Campamento cercano a El Aaiún.

Segundo.- Denunciar e condenar ao Reino de Marrocos por esta nova acción que pretende evitar que o Pobo do Sáhara dos territorios ocupados poida reivindicar os seus dereitos, sexan estes individuais e colectivos.

Terceiro.- Manifestar a necesidade de que o Goberno Central a UE e a ONU, se involucren activamente na resolución pacífica deste conflito.

Cuarto.- Manifestar o respaldo ao dereito do pobo saharai á autodeterminación que lle conceden reiteradas resolucións da Asamblea Xeral e do Consello de Seguridade de Nacións Unidas, que se exercerá por medio dun referendun libre, xusto, imparcial e baixo a tutela e dirección de Nacións Unidas.

Quinto.- Darlle traslado do presente acordo ao Goberno de España, a través da súa Vicepresidencia Primeira, a todos os Grupos Parlamentarios das Cortes Españolas, á Xunta de Galicia, ao Parlamento Europeo, á Embaixada de Marrocos no Estado Español, á Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai e á Delegación Saharai de España.

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

O portavoz do PP realiza os seguintes rogos:

1) Na carreteira que vai de Vila Cha a Vila Sinde, na curva, faría falla que se rozase.

O Sr. Alcalde di que iso se vai facer.

2) Que se poñan os puntos de luz dende Caritel na carreteira 2001 ata a casa do muíño.

3) Que se poñan, se pode ser, o alumeado de Ferreira a Seixo.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O portavoz do BNG realiza os seguintes rogos:

- 1) Reincidir no tema do alumeadado público na Avenida de Sarria.
- 2) Que se retiren os escombros do temporal no paseo marítimo.

O Sr. Alcalde contéstalle que non se van retirar ata que non veña o seguro a valorar.

3) No paseo marítimo, á altura da Rapadoira hai unhas fontes de ferro que levan votando auga seguido.

PREGUNTAS:

O representante do PP realiza as seguintes preguntas:

1) En Nois, no camiño do Cristo, ¿se deu permiso para reparar iso? ¿Foi por alí vostede?

O Sr. Alcalde di que o PP ten un problema na parroquia de Nois; alí hai uns veciños que quixeron reparar o camiño ao seu custo e ese señor denunciou todo iso a patrimonio. Os veciños foron os que quixeron realizar a obra e o Alcalde deulles a autorización porque melloraron a súa calidade de vida.

3) ¿Se arranxou xa o camiño que vai ao campo de fútbol?

O Sr. Alcalde explica que se está co saneamento no Barrio de Bargado no Plan E e no momento que rematen as obras xa se mirará o que se fai.

4) ¿Hai solicitude dos que talaron e destrozaron o camiño que vai do muíño de San Martiño ao monte

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 35 minutos do día vinte e cinco de novembro de 2010, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.